



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DE LECER OU TEMPO LIBRE ORGANIZADAS POLO CONCELLO

ARTIGO 1.- CONCEPTO

Consiste o obxecto deste prezo público a realización de actividades deportivas, de mecer e tempo libre, de competencia da entidade local, organizadas por Concello da Guarda, sempre e cando non seían feito impositivo dunha taxa, ou estén nos supostos de exención contemplados no artigo 21 do RDL 2/2004 de 5 de Marzo, ou seían obxecto regulado noutra ordenanza deste Concello

ARTIGO 2.- OBRIGADOS AO PAGO

Será obrigado ao pago que voluntariamente se matricule para a realización destas actividades, e por tanto se beneficie das mesmas.

Noca so de menores actuarán como substitutos do obrigado, o pai, nai ou titor da persoa física matriculadas.

ARTIGO 3.- CONTÍA

O importe dos prezos públicos determinarase mediante aprobación, en cada caso pola Xunta de Goberno Local, atándose ao regulado no artigo 44 do RDL 2/004 de 5 de Marzo, e xustificarse diante sa intervención, para a súa determinación elaborase unha memoria económica-financiera polos servizos correspondentes, na que se xustificará o importe dos mesmos que se propoña e o grado de cobertura financeira dos custes correspondentes.

ARTIGO 4.- OBRIGA DE PAGAMENTO

1. A obriga de pagamento dos prezos públicos regulados nesta ordenanza nace coa formalización das correspondentes matriculas para a realización da actividade en cuestión.
2. A matrícula e os restantes dereitos de inscrición abonarase dunha sola vez ó realizala mesma. De haber mensualidades deberán satisfacerse nos 10 primeiros días de cada mes, recibindo xustificantes dos pagamentos.
3. A renuncia á participación, unha vez iniciada a actividades, non dará dereito á devolución do prezo abonado, pola parte de actividade xa disfrutada.

ARTIGO 5.- NORMAS DE PROCEDIMENTO

1. O servizo que acordase a realización das actividades deberá xustificar diante da Intervención o seu custo total e estimación de asistentes.
2. Realizará proposta á Xunta de Goberno Local para determina-las cotas a esixir de conformidade co establecido no artigo 3 deste texto, xuntando unha memoria da actividade a desenvolver.
3. Unha vez acordado o prezo público, darase conta do mesmo as persoas interesadas na realización da devandita actividade, indicándolles a constas das matriculas e as mensualidades a satisfacer, os prazos, e a conta bancaria na que deberán facer o ingreso, así como concepto a poñer no mesmo, para que así o resguardo bancario lles sirva de xustificante de ingreso.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

4. Unha vez finalizada a actividade, o responsable da dependencia encargarse de dar conta do cumprimento de dita actividade, presentando conta xustificativa da mesma, indicando os importes ingresados polos obrigado, e adxuntadno copia dos resgardos dos mesmos, así como detalle dos custos a sufragar polo Concello, para qie os servizos económicos teñan constancia dos mesmo